


Informe de avaliación do PAT

Curso 2021/2022



Data de aprobación en Comisión de Calidade: 03/11/2022

I. INTRODUCCIÓN

Neste informe recóllense as principais accións de orientación e apoio levadas a cabo no Plan de Acción Titorial (PAT) das titulacións da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, Grao de Enxeñaría Aeroespacial e Máster en Sistemas Aéreos non Tripulados, durante o curso 2021/2022.

O PAT da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración do alumnado na vida universitaria e atender ás súas necesidades formativas e informativas. Este documento foi aprobado na Comisión de Calidade o 24/4/2020 e ratificado pola Xunta de Escola o 7/5/2020. A última modificación foi aprobada en Xunta de Escola o 27/07/2021.

Os principais axentes implicados no desenvolvemento destas actividades son o director do centro, o coordinador do PAT, os coordinadores de curso e a Comisión de Calidade, que vela porque o procedemento de orientación ao estudantado do centro cumpra os requisitos e estea permanentemente actualizado.

Os destinatarios deste PAT son os e as estudantes, a quen se dirixen as actuacións programadas co fin último de favorecer a consecución das súas metas académicas e persoais ligadas á etapa universitaria.

A situación do curso 2021/22 foi inusual e extraordinaria debido á situación de alerta sanitaria provocada pola pandemia da Covid19. Isto provocou que moitas actividades tivesen que desenvolverse de forma virtual aproveitando a plataforma de Campus Remoto da Universidade de Vigo. Do mesmo xeito, incrementouse a comunicación a través do correo electrónico e da plataforma Moovi para as materias. En calquera caso, estes recursos foron de axuda para que se poideran levar a cabo a maioría das actividades programadas.

II. ACTIVIDADES DO PAT

Estas actividades poden agruparse fundamentalmente en:

1. Accións de acollida

A xornada de benvida tivo lugar o día 3 de setembro de 2021 e estaba dirixida ao estudantado de novo ingreso. Neste caso a xornada foi convocada de xeito presencial debido a que a situación sanitaria xa o permitía, mantendo algunha restrición como uso de máscara. Antes do comezo do curso, o Director do centro enviou de forma individual a cada novo/a estudante información relevante para o inicio do curso nunha carta de benvida.

A estrutura básica desta sesión é a mesma que a de cursos anteriores. O director do centro, o coordinador de grao, o subdirector de organización académica e o coordinador do PAT dan toda a información sobre o título: organización de horarios, distribución de grupos, calendario de exames, plataformas informáticas, listas de distribución de correo. Ademais contou coa presenza de persoal de atención ao estudantado, do servizo de biblioteca, do servizo de deportes e do servizo de Atención Psicopedagóxica.

Tamén se presenta información sobre a Delegación de Alumnos e as distintas asociacións de estudantes da escola: UvigoMotorsport, Uvigo Aerotech e UvigoSpacelab.

2. Accións informativas e de orientación profesional

Este bloque ten como destinatario principal o alumnado do segundo, terceiro e cuarto curso e másteres.

Orientación sobre mobilidade

Respecto ao plan de mobilidade, organizouse unha reunión en novembro de 2021 para presentar as distintas convocatorias de mobilidade e recordar que o estudantado debe actualizar os seus cursos de idiomas segundo a preferencia de posibles destinos. Tamén se atenderon titorías de forma individualizada según demanda.

Orientación sobre igualdade

A coordinadora de igualdade promoveu o VI Concurso Escolar de creación artística Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia, así como a feira de divulgación científica “Exxperimenta en Feminino”.

O xurado do XVI Premio Clara Campoamor á igualdade de oportunidades que otorga o Concello de Ourense concedeu o galardón ao grupo de profesoras “Exxperimenta en Feminino”.

Tamén se elaborou O I Plan de Igualdade da Escola de Enxeñaría de Aeronáutica e do Espazo co propósito de explicitar o traballo desenvolvido ata o de agora e contribuír á consecución dos obxectivos do III Plan de Igualdade da Universidade de Vigo. Nel propóñense once accións, aliñadas con obxectivos do III Plan de Igualdade, e estruturadas dentro dos seus 4 eixos de actuación.

Orientación sobre prácticas en empresa curriculares e extracurriculares

En relación ás prácticas curriculares, o estudantado de cuarto curso, ten acceso a unha asignatura na plataforma Moovi chamada Prácticas en empresas onde está actualizada toda a información relativa as ditas prácticas: anuncios, formularios oficiais, listado de prazas ofertadas, intercambio de documentación e seguimento das prácticas. Tamén se emprega o correo electrónico para as comunicacións que poidan ser de interese para o estudantado.

A xestión das prácticas extracurriculares correspóndelle ao FUVI. A técnico do Campus de Ourense imparte charlas ao principio do cuadrimestre. O seguimento por parte da coordinadora de prácticas faise a través do correo electrónico, así como o envío de información sobre o listado de empresas, indicacións para facer a memoria final.

Orientación sobre TFG

O coordinador de TFG mantivo contacto vía correo electrónico co estudantado matriculado e cos seus tutores para informar sobre as características do traballo e as datas importantes: Información de apertura de Moovi, calendario e listado de temáticas. Explicación do proceso de TFG: Información sobre a portada, o formato e a estrutura do TFG. Apertura e fin do prazo de solicitude de asignación de TFG. Datas das distintas convocatorias de presentación e defensa.

Orientación sobre saídas profesionais

De forma transversal para todos os cursos, celebráronse ciclos de conferencias a través do Foro Aero, onde se presentan distintas saídas profesionais.

- GMV e a industria aeroespacial española. Charla impartida por Jorge Potti, Director Xeral de Espazo e Vicepresidente da Comisión de Espazo de TEDAE. Data: 21 de outubro de 2021.
- AIRBUS. Líder mundial no sector aeronáutico. Charla impartida por Ismael Esquisabel, Responsable de RRHH Ingeniería Airbus Helicopters. Data: 9 de novembro de 2021.
- Operacións no sector espacial: as misións astronómicas da ESA. Charla impartida por Marco Casanova. Analista de naves espaciales GAIA da Axencia Espacial Europea (ESA). Data: 20 de abril de 2022.
- Materiais en aeronáutica e no espazo. Accidentes de aviación e ciencia forense na aeronáutica. Charla impartida por María García. Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial. Data: 7 de abril de 2022.
- Materiais en aeronáutica e no espazo: Caracterización microestructural e microanalítica de materiais aeroespaciais. María Pilar Valles. Xefa do Laboratorio de caracterización microestructural e microanalítica do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial. Data: 21 de abril de 2022.
- AERNNOVA. Líder en diseño y fabricación de aeroestruturas. Ricardo Escolano. Director de planta de AERNNOVA en Ourense. Data: 27 de abril de 2022.

Alumnado incluído no PIUNE

O coordinador do programa PIUNE atendeu a dúas persoas incluídas neste programa.

Titulación de Máster

O coordinador do máster é o responsable da titorización do alumnado. Tanto no período de admisión e matrícula como durante o curso académico os e as estudantes poden contactar co coordinador e consultar sobre as diferentes opcións de matrícula, a tempo completo ou a tempo parcial, en función das súas condicións persoais, e os distintos itinerarios que pode seguir no máster en función dos seus intereses persoais.

Tamén mantivo contacto vía correo electrónico co estudantado matriculado no TFM e cos seus titores para informar sobre as características do traballo e as datas de presentación e defensa.

III. AVALIACIÓN DO PAT

Respecto á avaliación do PAT consideramos que, a pesar de todas as restricións impostas pola alerta sanitaria debida á pademia da Covid19, durante este curso se cumpriron os obxectivos fixados sobre o seguimento, a planificación e o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.